

As mellores prácticas para a Afasia

- As **persoas con afasia** poden atopar **útiles** estas recomendacións. Explican **que esperar da terapia**.
- **Aphasia United** é unha **organización internacional para a afasia**.
- As nosas **10 recomendacións** resumen o **tratamento ideal** para as **persoas con afasia**, as súas **familias** e os seus **coidadores**.
- Estas **recomendacións** son **para profesionais sanitarios** de todo o mundo.

Cada recomendación ten unha puntuación:

A

Moitas probas a favor

B

Probas a favor

C

Algunhas probas a favor

D

Poucas probas a favor

BP


Boas Prácticas: Sen moitas probas a favor pero os profesionais sanitarios coinciden.

Avaliación e diagnóstico

1

Debemos avaliar **problemas de comunicación** en **tódalas persoas** con **ictus** ou danos cerebrais progresivos. A avaliación consiste nunha **proba curta** para ver se hai problemas.

C



2

Se hai **sospeita de afasia**, a persoa debe ser avaliada por un **profesional cualificado**. A avaliación debe determinar o **tipo de afasia**, a **gravidade** e como afecta á vida cotiá.

B



Tratamento

- 3 As persoas con afasia deberían **recibir información** sobre a afasia, o accidente vascular cerebral e as opcións de terapia **durante o tratamento**. **A**



- 4 Ningunha persoa con afasia debe ser dada de alta sen medios para **comunicar** as súas necesidades e desexos, nin sen un plan de como e cando conseguilo. **BP**



Exemplos: AAC



Libro de comunicación

5

Tódalas persoas con afasia deben recibir **tratamento**. O tratamento debe continuar **canto sexa preciso**. **A** **BP**

As persoas con afasia deben recibir **tratamento**:

- **Individual**: hai moitos tipos de tratamentos para elixir. A elección debe estar baseada na **persoa** e na **súa afasia**.
- **Intensivo**: A terapia debe ser **frecuente**.



- Diseñado para ter un **impacto importante** na **comunicación** e na **vida cotiá** da persoa.



- Baixo a supervisión dun **profesional cualificado**.

Apoio ás familias e cuidadores

6

Débese proporcionar **formación ó compañeiro de conversa** para mellorar a comunicación da persoa con afasia. **A**



7


As **familias ou cuidadores** de persoas con afasia deben **incluírse** no proceso de rehabilitación. Deben **recibir apoio e adestramento** sobre as causas e consecuencias da afasia e **aprender a comunicarse** coa persoa con afasia. **A**



As persoas con afasia na comunidade

8

Os servizos para persoas con afasia deben ser **culturalmente axeitados** e **relevantes para a persoa**. As **circunstancias e preferencias persoais** deben ser **respectadas e incluídas** no tratamento. **BP**



9

Tódolos **profesionais da saúde** e os **servizos sociais** que traballan con persoas con afasia deben **recibir formación** sobre afasia e adestramento para promover a comunicación na afasia. **C**



10

A información para as persoas con afasia debe estar dispoñible nun formato apropiado / accesible. C



Fonte Aphasia United. Adaptado ó formato para afasia por Caitlin Brandenburg. Adaptación Galega por Silvia Martínez Ferreiro. Fotos de pixabay.com e shutterstock.com.